



## O Espazo de Teoloxía Feminista. Cando Deus se revela en feminino

---

Marisa Vidal Collazo

Todo empezou na auga como un bautizo, con tres amigas e un día de verán, en xullo do 2010. Maite Pérez Vázquez e Tareixa Ledo Regal convidáronme a pasar o día con elas, e en Pontesampaio, onde se bican as dioceses de Tui e Compostela, mergulladas na auga, naceron as ideas...

Xantar á beira do río, o pan e viño, axudaron a nacer á criatura... Eu levaba tempo soñando un espazo de formación diferente, e Tareixa e Maite facilitaron e posibilitaron o meu soño. Soñamos xuntas nun Espazo de Teoloxía Feminista diferente das «clases de teoloxía» ao uso. O que queríamos era un espazo no que ir parindo toda a teoloxía que cada unha levamos dentro. Un espazo en horizontalidade, onde a lectura de textos escritos por teólogas feministas e a palabra de todas foran as ferramentas, e as propias vidas a base da aprendizaxe. O Espazo de Teoloxía Feminista tiña que facer real a Presenza na que vivimos, nos movemos e existimos dende a vida, nos movementos e o existir propio, no de todas e cada unha de nós. Elaboramos con trazo decidido un principio de plan de traballo que presentamos na Asemblea da Asociación Mulleres Cristiás Galegas Exeria, á que pertencemos as tres, e as compañeiras da asociación aplaudiron a idea. Elas foron quen de apoiar e soste este proxecto desde o seu inicio, no ano 2011.

Partindo da base de que todas as palabras son importantes, todas as reflexións e experiencias contan, entre as tres artellamos un espazo horizontal no que o tempo fora de todas e as palabras correran por quendas equitativas... e como todas temos unha palabra que dicir sobre Deus e sobre o que se nos contou de Deus, pois lanzámonos á aventura de dicir a nosa teoloxía. Falamos des-